

Prólogo

José María Barja. Reitor

A Memoria 2007 reúne, se non toda, cando menos a máis substancial información sobre a miña xestión e a do meu equipo ao longo do ano co que se pechou o meu primeiro mandato como reitor da Universidade da Coruña. Alén da obriga estatutaria de presentarlle ao Claustro un informe anual de xestión, cumpro co compromiso programático de transparencia que vimos ampliando e estendendo nestes últimos anos.

O detalle da xestión en áreas que son competencia da Secretaría Xeral, as melloras previstas nas infraestruturas para se adaptar ao Espazo Europeo de Educación Superior ou as primeiras actividades do CITIC son algunhas das novidades de contido do documento que elaboramos este ano.

A comunidade universitaria debe coñecer, da forma máis completa posible, o estado interno da institución en todas as súas facetas: docente, investigadora, de transferencia do coñecemento ou de extensión universitaria. Achegamos as grandes cifras, algunhas delas parámetros esenciais para situar a evolución da Universidade da Coruña no contexto das outras

universidades galegas e españolas. E ofrecemos tamén outros datos e resumos de actividades, menos transcendentales en si mesmos, pero fiel reflexo no seu conxunto das múltiples actividades que se xeran nos nosos campus.

Mais non se trata só de que nós, profesores, estudantes e PAS, tomemos o pulso vital da nosa Universidade. Cómpre tamén que entidades, institucións e a cidadanía en xeral coñezan polo miúdo o estado de saúde académica, científica e económica da institución. Somos un servizo público, traballamos con orzamento público e temos a obriga de renderlle contas á sociedade.

Acompañamos a ampliación de contidos con distintas melloras na súa presentación. Incorporamos a cor e engadímoslle un CD-ROM co informe completo de xestión en formato pdf. Como en anos anteriores, a versión electrónica quedará ao dispor de todo o mundo no web do reitor no sitio institucional www.udc.es. Nas diferentes áreas deste sitio pódese ampliar a información incluída na Memoria 2007.



As cifras da UDC / 2007

	2007	2006
Orzamento	111.087.445	105.394.261
Campus	2	2
Centros	25	25
Facultades	11	11
Escolas técnicas superiores	4	4
Escolas universitarias propias	7	7
Escolas universitarias adscritas	3	3
Departamentos	44	44
Institutos	6	6
Centros tecnolóxicos de investigación	3	2
Titulacións oficiais	74	59
1.º e 2.º ciclo	47	47
Másters	27	12
Programas de doutoramento	43	39
Títulos propios de grao/posgrao	46	58
Profesorado	1.427	1.388
Persoal de Admón. e Servizos	700	686
Ratio PAS por cada PDI	0,50	0,49
Estudantes de 1.º e 2.º ciclo	21.146	21.949
Estudantes en posgraos oficiais	512	202
Titulados/as de 1º e 2º ciclo	2.880	2.900
Estudantes de 3.º ciclo	843	845
Estudantes en títulos propios	1.012	1.454
Doutoramentos de calidade	14	14
Estudantes Erasmus saíntes	245	276
Estudantes Erasmus entrantes	337	323
Matriculados/as por primeira vez en 1.º e 2.º ciclo	3.469	3.355
Ratio nº estudantes por cada PAS	32	31,9
Ratio nº estudantes por cada PDI	14,79	15,8
Grupos de investigación	106	97
Proxectos de investigación competitivos	77	101
Convenios/contratos de investigación con empresas ou institucións	257	211
Financiamento externo para investigación	13.720.930	11.576.267
Patentes tramitadas	8	6
Teses de doutoramento	72	79
Monografías en bibliotecas	661.174	632.013
Postos de lectura	3.540	3.477
Nº estudantes/posto de lectura	7	7
N.º postos en aulas de estudo	1.546	1.546
Alumnado do Centro de Linguas	1.636	1.079
Nº total de convenios asinados	831	791